

## Actividades Contrato Programa Mellora das Competencias Clave

### XOGOS

☆ **Xogamos a ...:** Na área de lingua galega traballamos na aula o xogo do "aforcado" para familiarizarnos co vocabulario relativo ao tempo e ao clima. Ademais con este xogo: ampliamos o vocabulario, descubrimos termos que antes non coñeciamos e a saber que significan e melloramos a ortografía (en copia, ditados e nas composicións escritas) .A través do mesmo traballamos aspectos importantes coma a atención, a concentración a discriminación auditiva e fonolóxica de fonemas, o deletreo e a expresión oral.



☆ **Memory climático:** Segundo vaian dominado máis léxico sobre os fenómenos atmosféricos podemos ir aumentando variantes coma por exemplo: dicir unha oración coas palabras das parellas que atopen, contar o número de sílabas das palabras que representan as imaxes... Xogar ao memory favorece os procesos cognitivos básicos: percepción, atención e memoria.

Axuda e favorece a que os nenos e nenas consigan manter un nivel maior de concentración. Fomenta o desenvolvemento da linguaxe oral, xa que nos permite utilizar vocabulario novo en relación ao conxunto de imaxes que estamos a utilizar no memory.



## Expresión oral e escrita

☆ **Panel metereolóxico:** introducimos na rutina da aula un panel meteorolóxico que rexistra, ademais do día da semana e do mes en que estamos, aspectos importantes relacionados co clima coma a estación do ano na que nos atopamos ou o estado do ceo cada día. Estes datos axudarannos a elaborar pictogramas e gráficas de barras cada mes. A encargada ou encargado fará as tarefas do panel en voz alta e completará de forma escrita los datos.



☆ **Refráns:** Coa chegada de decembro realizamos unha actividade onde debíamos buscar e indagar na cultura popular sobre refráns relacionados co tempo atmosférico e os meses do ano. Cada mes buscaremos un refrán que este referido ao tempo e faremos unha ilustración mesmo, elaborando un pequeno libro a final de curso con todos eles, que nos servirá para lembrar e aprender os refráns da nosa cultura popular. Con esta actividade traballaremos tamén a lectoescritura, o debuxo e a expresión oral.

### REFRÁN MES DECEMBRO:

"En decembro non hai valente que non tremese"



☆ **Palabra da semana:** Coa palabra da semana estamos a facer un diccionario visual con todas as palabras que estamos a traballar relacionadas co tempo e os fenómenos atmosféricos, así cada vez que o necesitamos podemos recorrer a elas e lembrar o seu significado. Empezamos coa palabra escampar facendo un pequeno debuxo alusivo ademais de escribir o seu significado. Esta semana continuamos coa palabra arroiada.



☆ **Visita estación metereolóxica do centro:** visitamos a estación metereolóxica do centro para rexistrar os datos da temperatura máxima e mínima no día de hoxe e anotalos no climograma que estamos elaborando de forma colectiva no centro. Ademais aprenderon a empregar os distintos instrumentos que temos na estación como o termómetro dixital e o pluviómetro para medir as precipitacións.



☆ **Semana da Prensa:** Con motivo da semana da Prensa a través da área de lingua galega o alumnado de 2ºB realizou unha actividade onde tiñan que completar unha ficha con datos relevantes dalgunha noticia relacionada co tempo e cos distintos fenómenos atmosféricos seleccionadas en distintos xornais, respondendo as preguntas: que ocorreu? Onde? e Cando pasou? . Ademais de poñer o titular da noticia. Para rematar tiñan que recortala e pégalas. Con todas elas farase un mural conxunto quedando exposto nun dos corredores do centro.



